

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura Financeira	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

1.1. Lexislación aplicable.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que introduce modificacións na avaliación e condicións de promoción nas diferentes etapas educativas e nas condicións de titulación en educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos de grao básico e no bacharelato.

A Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia desenvolve o recollido no Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria, determinando os aspectos básicos do currículo, tales como a avaliación, a promoción e a titulación, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

Orde do 3 de maio de 2023, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 23/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2. Características do alumnado

O centro ten 176 alumnos e alumnas, practicamente todos eles da Illa de Arousa. A maior parte proceden do único centro de primaria do concello, o CEIP Torre-Illa, e levan xuntos dende a Educación Infantil. Hai unha alumna estranxeira que segundo a información en xuño do curso pasado non coñecía o idioma. A maioría do alumnado é castelán falante, aínda que algúns rapaces empregan o galego como lingua de expresión habitual.

1.3. Características dos grupos.

En canto á distribución da rapazada nos diferentes grupos, atopámonos coas seguintes características:

3º A. 22 alumnos

3º B. 21 alumnos.

Dos que 6 rapaces se matricularon na materia de Cultura financeira ,optativa que se incorpora á oferta de materias optativas da ESO, por primeira vez neste curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender as diferentes características do diñeiro, as formas de obtelo como ingreso e de intercambialo por bens e servizos, reflexionando sobre a contribución persoal e social do consumo ao benestar individual e colectivo.	2				3	3	1-2	
OBX2 - Elaborar plans financeiros sinxelos en contextos persoais ou familiares tendo en conta as consecuencias a curto, medio e longo prazo, valorando a importancia de xestionar de forma eficaz os ingresos e os gastos e as decisións de aforro, inversión e financiamento para dotarse de ferramentas e estratexias coas que lograr melloras no benestar financeiro.	1		1-4	1-2-3	1-5		1-2-3	4
OBX3 - Avaliar as vantaxes e as desvantaxes da asunción de riscos na toma de decisións financeiras comprendendo como mitígalos a través de estratexias de seguridade.	1-2-3	3		1-4	2		1-2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Coñecer os dereitos e deberes asociados ao consumo e ao uso de produtos e servizos financeiros, así como os mecanismos de protección, de información e de asesoramento financeiro existentes para evitar estafas e fraudes, identificando patróns de consumo responsable.	2-3	3	5	1-3-4	4	1-2-3-4	2	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O diñeiro e as transaccións	Coñece a orixe do diñeiro, como se crea e as características do diñeiro de curso legal. Identifica diferentes modos de pago, as súas vantaxes e inconvenientes	11	12	X		
2	Obrigas fiscais e sociais	Características do Estado de Benestar. Débeda pública, política fiscal e presupostos xerais do estado.	11	12	X		
3	Tickets, facturas.O poder adquisitivo, a inflación	Coñece a diferente documentación que se emprega nun proceso de compra. Identifica as súas características e contido. Dereitos e obrigas do consumidor/a. O poder adquisitivo e a inflación	12	11	X		
4	As decisións económicas individuais	Bens recursos e necesidades. Clasificación das necesidades .A toma de decisións nos individuos. A economía conductual	11	11		X	
5	Fontes de ingresos. Nómina	Coñece o mercado laboral, diferentes formas de obter ingresos legais. Coñece o contido do recibo de salarios básico	11	12		X	
6	Orzamentos	Recoñece a necesidade de elaborar orzamentos persoais. Elabora orzamentos persoais. A importancia do aforro.	11	12		X	
7	Productos financeiros	Identifica os produtos bancarios básicos e produtos financeiros de seguridade e inversión. Risco do endebedamento e cálculo de intereses. Productos financeiros de risco elevado.	11	12			X
8	Seguridade	Protección de datos persoais, ciberseguridade. Identifica diferentes formas de estafa e fraude na xestión das finanzas persoais.	11	11			X
9	A economía social e sostible	Cara unha economía máis social e solidaria.	11	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A economía social e sostible	A economía colaborativa e circular. O desenvolvemento local, a pegada ecolóxica. O consumo ético e responsable, o etiquetado verde. A economía circular e sostible . As 7 R. O comercio xusto	11	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O diñeiro e as transaccións	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Diferenciar as formas que pode adoptar o diñeiro de curso legal sabendo como identificar moedas e billetes auténticos e desenvolvendo a actitude adecuada ante o diñeiro falso.	Diferentes formas que adopta o diñeiro de curso legal. Características para das moedas e billetes de curso legal. Como actuar ante o diñeiro falso.	PE	60
CA1.2 - Comprender a diferenza entre os distintos métodos de pago, sabendo utilízalos de forma segura.	Coñece e diferenza os diferentes métodos de pago	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O diñeiro e as súas formas. Procedementos para diferenciar o diñeiro auténtico do diñeiro falso.
- Os diferentes modos de pago nun entorno de compra física ou virtual.

UD	Título da UD	Duración
2	Obrigas fiscais e sociais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comprender o significado das partes básicas dun recibo de salarios tipo.	Identifica as obrigas fiscais recollidas nun recibo de salarios	PE	60
CA4.3 - Entender que o custo real dun ben ou servizo depende de diversos factores como custos de produción, incluída a man de obra, impostos, tipos de cambio ou custos de envío.	Coñecer os tipos de imposto que lle afecta ao custo dun ben ou servizo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Diferenciar as formas que pode adoptar o diñeiro de curso legal sabendo como identificar moedas e billetes auténticos e desenvolvendo a actitude adecuada ante o diñeiro falso.	Desenvolve actitudes adecuadas ante o diñeiro falso e as consecuencias sociais que conleva o seu emprego	TI	40
CA1.3 - Considerar o valor global ou a utilidade dunha posible compra así como o seu prezo, comprendendo que o poder adquisitivo do diñeiro pode variar co tempo debido á inflación.	Contribución do prezo dunha compra ás contas fiscais dun estado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia das obrigas fiscais e sociais para o mantemento do estado de benestar. - Factores que inflúen no custo dun ben ou servizo.

UD	Título da UD	Duración
3	Tickets, facturas.O poder adquisitivo, a inflación	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Considerar o valor global ou a utilidade dunha posible compra así como o seu prezo, comprendendo que o poder adquisitivo do diñeiro pode variar co tempo debido á inflación.	Define o poder adquisitivo e a importancia da inflación na economía dunha sociedade	PE	60
CA4.2 - Coñecer os dereitos e obrigas ao adquirir un produto, servizo ou subscrición.	Coñece os dereitos e obrigas do consumidor.Coñece os diferentes tipos de facturas e saba cando empregalas.		
CA1.4 - Entender o contido dunha factura ou dun ticket de compra dentro dunha transacción comercial sinxela.	Identifica o contido dunha factura e dun ticket.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os prezos. O poder adquisitivo e a inflación. - As facturas e os tickets de compra: contido básico e conservación como medio de proba de compra ou de garantía. - Os dereitos e as obrigas da consumidora ou o consumidor.

UD	Título da UD	Duración
4	As decisións económicas individuais	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Entender que o custo real dun ben ou servizo depende de diversos factores como custos de produción, incluída a man de obra, impostos, tipos de cambio ou custos de envío.	Analiza os factores que se repercuten no custo real dun ben ou servizo	PE	60
CA4.7 - Analizar o proceso de compra tendo en conta que a existencia de factores que afectan ao desexo percibido pode levar a realizar compras impulsivas acentuando o exceso de gasto.	Clasificación das necesidades e estudo dos principios que regulan a toma de decisións nos individuos.		
CA4.4 - Entender que ao comprar produtos ou servizos en liña, o prezo destes pode ser diferente dependendo, entre outras cousas, da web consultada, o historial de navegación, as condicións de envío aplicadas e o lugar desde onde se realiza a compra.	Analiza as diferencias de prezo dun mesmo produto na compra en liña ou en tenda física así como os factores que inflúen no seu prezo.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Factores que inflúen no custo dun ben ou servizo. - O proceso de toma de decisión de compra: elementos e factores internos e externos a ter en conta. - A influencia dos distintos tipos de publicidade na decisión de compra. - A xestión das emocións ou dos nesgos cognitivos na toma de decisións de inversión.

UD	Título da UD	Duración
5	Fontes de ingresos. Nómina	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar diferentes formas de obter ingresos legais.	Recoñece as características de diferentes formas de obter ingresos legais. A empresa privada, proxecto emprendedor ou sector público	PE	60
CA1.5 - Comprender o significado das partes básicas dun recibo de salarios tipo.	Identifica as diferentes partes dun recibo de salario tipo	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O recibo de salarios básico. - A diferenza entre ingresos netos e brutos. - O aforro como elemento esencial do orzamento para facer fronte a diferentes situacións. Aforros de emerxencia e de alta accesibilidade.

Contidos

- Formas de obtención de ingresos legais e criterios de priorización do gasto.

UD	Título da UD	Duración
6	Orzamentos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar orzamentos de finanzas persoais empregando diferentes técnicas e diferenciando os gastos fixos dos variables.	Diferencia entre gastos fixos e variables nun orzamento. Elabora orzamentos realistas nunha situación contextualizada tanto de modo dixital como manuais	PE	60
CA2.5 - Entender o aforro como un compoñente básico do orzamento persoal.	Recoñece o aforro como parte fundamental do orzamento persoal. É quen de calcular o aforro obtido segundo o tipo de xuro.		
CA2.1 - Valorar a elaboración de orzamentos de finanzas persoais como forma de resiliencia financeira.	É capaz de seleccionar entre varios orzamentos persoais o máis axeitado á súa situación financeira.	TI	40
CA2.4 - Comprender a necesidade de priorizar os gastos para adecualos aos ingresos.	Diferencia entre gastos necesarios e superfluos e adecua os gastos aos ingresos que posúe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Os orzamentos persoais.
 - Técnicas de elaboración de orzamentos manuais e dixitais.
 - Formas de obtención de ingresos legais e criterios de priorización do gasto.

UD	Título da UD	Duración
7	Productos financeiros	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o funcionamento das prestacións dunha conta bancaria, especialmente unha conta bancaria de pago básica segundo a normativa europea.	Coñece o funcionamento e as prestacións dunha conta bancaria segundo a normativa europea.	PE	60
CA3.2 - Analizar as vantaxes e inconvenientes doutros produtos bancarios para unha mellor xestión das finanzas persoais.	Analiza características de diferentes produtos bancarios e selecciona o idóneo para as súas finanzas.		
CA3.4 - Valorar as consecuencias de pedir diñeiro prestado na renda dispoñible futura e a importancia de avaliar o custo total do crédito e a probabilidade de poder reembolsalo anticipadamente.	Calcula o custo de pedir diñeiro prestado. Coñece o custo total dun crédito e os dereitos do consumidor.		
CA3.5 - Ser consciente do endebedamento que pode derivarse dun descuberto ou do uso de créditos de fácil acceso a custo elevado.	Identifica os riscos do uso de créditos fáciles de custo elevado	TI	40
CA3.6 - Comprender os riscos relacionados con certos produtos de investimento como os criptoactivos, aprendendo a cuestionar as ofertas de investimento sospeitosamente atractivas e tomando consciencia de que as emocións ou os nesgos cognitivos poden influír nas decisións de inversión de forma imprevista.	Recoñece a influencia das emocións á hora de tomar decisións de investimento de forma imprevista		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os produtos bancarios básicos e dixitais. - Outros produtos financeiros de seguridade e investimento. - O risco e os custos do endebedamento. - Produtos financeiros de risco elevado.

UD	Título da UD	Duración
8	Seguridade	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer posibles formas de roubos, estafas, fraudes en liña e riscos cibernéticos.	Enumera diferentes formas de roubos e fraudes cibernéticos	PE	60
CA4.1 - Aplicar estratexias para manter seguros os datos persoais e a información financeira sendo consciente dos seus dereitos en materia de protección de datos.	Coñece e aplica estratexias para manter a seguridade nos seus datos persoais e financeiros. Coñece os dereitos en materia de protección de datos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender a diferenza entre os distintos métodos de pago, sabendo utilizarlos de forma segura.	Identifica as características das diferentes métodos de pago e como empregalos de forma segura	TI	40
CA3.6 - Comprender os riscos relacionados con certos produtos de investimento como os criptoactivos, aprendendo a cuestionar as ofertas de investimento sospeitosamente atractivas e tomando consciencia de que as emocións ou os nesgos cognitivos poden influír nas decisións de inversión de forma imprevista.	Identifica os factores que poden influír nas decisións de inversión así como os riscos de certos produtos de risco.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os diferentes modos de pago nun entorno de compra física ou virtual. - As facturas e os tickets de compra: contido básico e conservación como medio de proba de compra ou de garantía. - Outros produtos financeiros de seguridade e investimento. - Diferentes formas de estafa e fraude na xestión das finanzas persoais. - As estratexias de protección dos propios datos persoais. A ciberseguridade.

UD	Título da UD	Duración
9	A economía social e sostible	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Entender que o custo real dun ben ou servizo depende de diversos factores como custos de produción, incluída a man de obra, impostos, tipos de cambio ou custos de envío.	Recoñecer os factores que inflúen no custo real dun ben ou servizo. Valorar a economía social e circular e o seu beneficio para o desenvolvemento local	PE	60
CA4.5 - Ser consciente de que os bens ou servizos adquiridos poden ter diferentes repercusións medioambientais ou sociais en función da súa orixe, das súas condicións de produción ou da xestión que delas fai a empresa que os ofrece.	A pegada do consumo no mediambiente e na sociedade. Abogar por un consumo responsable		
CA4.6 - Valorar o mercado de segunda man como unha alternativa sostible fronte ás novas compras así como a reutilización, a reparación e a reciclaxe dos produtos usados.	Características da economía social e solidaria. Características da economía colaborativa e circular.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Factores que inflúen no custo dun ben ou servizo.

Contidos

- O etiquetado verde, de sustentabilidade e de consumo enerxético.
- A economía social. O consumo ético e responsable.
- A responsabilidade social corporativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaráanse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquiera o coñecemento de contidos financeiros básicos. Partiremos dos coñecementos previos por experiencias vividas, polo que procuraremos aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, sendo a labor da profesora a de guía e propiciadora do progreso dos saberes.

Aplicaremos metodoloxías abertas, flexibles e activas, onde o alumnado deba resolver tarefas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Así comezaremos sempre con algún elemento diferente (un vídeo, unha nova do xornal, unha canción, unha enquisa...) e unha reflexión en grupo para incidir nesa motivación e enlazar cos seus coñecementos previos.

Dependendo do tema a tratar e da súa complexidade e/ou extensión, traballaremos por proxectos, con clase invertida ou solución de problemas. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.

Coa dinámica de traballar metodoloxías diferentes, tamén daremos cabida á diversidade das capacidades do alumnado, ademais de romper a rutina e propiciar unha actitude máis proactiva no alumnado.

Procuraremos que, na medida do posible, traballen na aula e estuden na casa. Así coñeceremos mellor as súas características e capacidades, ademais de percibir o alumnado que poida ter algunha dificultade na aprendizaxe e aplicar, o antes posible, os reforzos que se precisen, que poden ser puntuais ou máis prolongados no tempo. Así deberemos ver se chega con que traballe con outra compañeira ou compañeiro, con ampliar a temporalización, discriminar tarefas, regular a esixencia, propoñer alternativas... Sen esquecer aquel alumnado que non quere esforzarse nin facer ningún tipo de traballo individual na casa, como o estudo, por exemplo.

Elaboraremos actividades variadas en soporte de papel, pero, sobre todo, en soporte dixital. Como a creación de infografía, presentacións interactivas, exposicións orais, etc.

Fomentárase sempre a súa participación con diferentes tarefas coa finalidade de que desenvolvan o seu espírito crítico e a súa autonomía. Que o seu criterio persoal estea baseado na información verificada e non na manipulada.

Traballarán de xeito individual e en parellas, xa que é moi importante a aprendizaxe entre iguais. A profesora aplicará os criterios necesarios para que isto teña lugar e sempre favorecer a inclusión.

Procurárase que as clases sexan participativas e non meramente expositivas. Facendo participar ao alumnado, tamén veremos como van entendendo e asimilando a nova información e que lles pode interesar máis. Sempre procuraremos enlazar con aquilo que lles sexa máis próximo ou xa coñezan.

Fomentárase desde o primeiro momento, o respecto entre todas as persoas que estamos nese mesmo espazo, para que o ambiente de traballo sexa o mellor posible

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Apuntamentos e actividades creados pola docente que estará dispoñible na plataforma EVA-Edixgal ou na Aula virtual do centro

Portátil
Caderno
Xogos didácticos
Editores de texto e follas de cálculo
Aplicacións para a creación de presentacións
Prensa
Material audiovisual

Neste curso todo o alumnado terá á súa disposición equipos informáticos propios, ao participar o centro no proxecto Edixgal.

Os materiais curriculares serán fundamentalmente proporcionados pola profesora da materia, no formato que o profesorado considere oportuno, utilizando o ordenador así como programas informáticos para o tratamento e creación de información.

Materiais didácticos:

Utilizaranse, ademais dos cadernos, encerado, de reforzo ou ampliación, material en formato dixital que estará accesible nas aulas virtuais ou no EDIXGAL, outros materiais coma:

- Apuntamentos da docente
- Libros.
- Xogos didácticos creados para a materia.

Recursos didácticos:

Entre os recursos didácticos o profesorado poderá utilizar os seguintes:

- Ordenadores: páxinas Web, presentacións, follas de cálculo.
- Uso habitual das TIC: follas de cálculo, e aplicacións para a creación de presentacións.
- Vídeos e material audiovisual.
- Encerado dixital.
- Aula virtual do centro/ Entorno EVA.
- Procurarase o uso de páxinas web con contidos adaptados aos diferentes cursos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Segundo as directrices marcadas pola orde do 8 de setembro de 2022, realizarase unha avaliación inicial para detectar posibles alumnas/os con necesidades e así poder determinar as medidas individuais ou colectivas que haxa que tomar.

Ao tratarse dunha materia optativa de nova creación, para levar a cabo unha avaliación inicial, realizaranse actividades tipo pasapalabra, probas tipo test coas definicións de termos relacionados coas finanzas para identificar o nivel de coñecementos previos dos alumnos.

Informarase do resultado da avaliación inicial aos titores e resto de profesorado na sesión de avaliación inicial que se realizará no mes de outubro.

Unha vez revisadas estas probas, teremos una idea máis clara do punto de partida.

Informarase do resultado da avaliación inicial aos titores e resto de profesorado na sesión de avaliación inicial que se realizará no mes de outubro. Nela, revisaranse puntos como a evolución dos reforzos, grao de consecución dos obxectivos didácticos nos distintos grupos de cada nivel, dificultades atopadas, probas escritas e orais realizadas, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	12	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Avaliación de cada unidade

En cada unidade repartirase o peso da cualificación:

- 60% probas escritas.
- 40 % táboas de indicadores

As probas escritas puntuaranse sobre 10 puntos e consistirán na respostas dunha serie de preguntas de diverso formato. Por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado, como realizar as tarefas ou exercicios, entrega en prazo acordado, corrección dos mesmos, poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; resumos; pósteres; exposicións orais, etc.

O total das tarefas/exercicios... contabilizaranse como o 100%

Cualificación de cada avaliación

Para o cálculo da nota de cada avaliación truncaremos o resultado da media aritmética das cualificación obtidas en cada unha das unidades desa avaliación.

Cualificación final do curso

A cualificación final do curso calcularase, truncando a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións parciais (antes de truncar).

Poderase obter ata un punto a maiores pola realización de traballos voluntarios (lecturas de libros, traballos de investigación, participación en concursos e actividades voluntarias...) que se sumará a nota final do curso antes de ser truncada.

Para superar o curso a nota resultante dos cálculos anteriores debe ser igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

Levarase a cabo un plan de recuperación personalizado e deberemos considerar que é o mellor para cada alumnado en cada momento.

Optaremos por ir recuperando partes traballadas e non superadas mediante exames de recuperación.

Esas probas escritas versarán sobre as preguntas das probas anteriores, con algunha modificación, e a calificación será de 1 a 10.

Nalgún caso tamén poderá ser a realización, novamente, dalgún traballo, avaliado segundo unha rúbrica. A profesora daría as indicacións precisas para a súa elaboración.

Final de curso:

Se ao final de curso a cualificación non é igual ou superior a 5. A rapazada poderá presentarse a unha derradeira proba escrita antes do remate do curso, no día indicado polo centro. Será unha proba escrita cun compendio das preguntas dos exames e/ou traballos feitos ao longo do curso cun valor de 0 a 10.

Para dar por superada a materia o máximo entre a media final e a cualificación da proba final de xuño debe ser maior ou igual a 5

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnos con materia pendente de cursos anteriores ao tratarse dunha materia optativa de nova creación neste curso académico 23/24.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

- Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
- Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
- Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
 - Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
- Actividades de reforzo e consolidación.
- Aprendizaxe por Proxectos.
- Traballo colaborativo.
- Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
- Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
- Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Aplicaremos as que consideremos máis axeitadas en cada momento.e segundo as necesidades de cada alumno ou alumna.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento			X	X	X	X		
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X		X	X		X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores		X	X	X	X	X	X	
ET.6 - A Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - A Creatividade			X	X	X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para a saúde		X		X	X		X	
ET.9 - A formación estética	X		X		X	X		
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X				

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e a competencia dixital	X
ET.3 - Emprendemento	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X
ET.6 - A Igualdade de xénero	X
ET.7 - A Creatividade	X
ET.8 - Educación para a saúde	X
ET.9 - A formación estética	
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, etc

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas conmemoracións e actividades programadas no centro	Extraescolares	X	X	X
Visita a algunha empresa	Complementaria. En colaboración con algún outro departamento		X	X
Saídas do grupo de referencia	Apreveitar as saídas do grupo de referencia que teñan algún aspecto específico desta materia		X	X
Asistencia a charlas	Complementaria. Sempre que se nos ofrezca ao longo do curso algunha que sexa interesante e axeitada ao currículo do alumnado	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
14. Ao comezo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e competencias que se van traballar, as actividades a realizar e como se van avaliar

Metodoloxía empregada
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
11. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
12. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
13. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
9. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Medidas de atención á diversidade
8. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
10. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Outros
7. O alumnado e as familias teñen acceso a programación

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo a observación e a avaliación do funcionamento dos procedementos e metodoloxías utilizadas. Debse ser revisada cada ano co fin de adaptala mellor á realidade nas aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería inculir unha valoración / avaliación do estudiantado, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que se realizará a través dun cuestionario personal con frecuencia trimestral.

No cuestionario valorárase cada un dos ítems nunha escala do 1 ó 4 onde:

- 1 - Nunca.
- 2 - Ás veces.
- 3 - De cote.
- 4 - Sempre.

Os ítems mínimos a incluír neste cuestionario serán.

- 1. Fanse explicacións xeraus con claridade para todo o alumnado.
- 2. Ofrécense a cada un ás explicacións individualizadas que precisa/solicita.
- 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
- 4. As actividades foron variadas e motivadoras.
- 5. Utilízanse diferentes estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.

6. Combínanse o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
- 9.3 Incorpóranse as TIC ós procesos de ensino-aprendizaxe.
10. Ofrécense os resultados das probas /traballos de xeito áxil.
11. Analízase e coméntanse os aspectos máis significativos da corrección das probas, traballos...
12. Dáselle ó alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
13. Valórase o traballo e o esforzo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Nas reunións periódicas do departamento iranse tratando tódolos aspectos relativos á programación que vaian xurdindo, como

- A temporalización.
- A adecuación por avaliacións.
- As dificultades en cada nivel.
- A futura incorporación de actividades.
- A conveniencia de realizar cambios.
- Os resultados académicos que se vaian obtendo.
- A coordinación do profesorado por niveis, etc.

Ao final de cada avaliación incidirase especialmente nestes temas , así como especialmente ó final de curso, e ó comezo do curso seguinte farase unha recapitulación de cara a face-los cambios necesarios na nova programación. Serán importantes neste sentido o documento da Memoria Final de Curso do Departamento, onde se recollerán as intencións e propostas de mellora para o novo curso.

Para isto teranse en conta os seguintes indicadores:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas/temas/proxectos a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades/temas/proxectos.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- Adecuación da programación dos criterios de avaliación para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
- Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación.
- Vinculación de cada criterio de avaliación a un ou varios instrumentos para á súa avaliación.
- Asociación de cada criterio de avaliación cos elementos transversais a desenvolver.
- Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba(se esta existise)
- Adecuación da avaliación inicial , elaborado a partir dos criterios de avaliación.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
- Adecuación dos criterios establecidos para p seguimento de materias pendentes.
- Adecuación dos exames, tendo en conta o peso de cada criterio de avaliación.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ós criterios de avaliación.
- Adecuación das medidas específicas de atención alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ó longo do curso.
- Contribución desde a materia ó plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Observacións:

Esta programación é unha planificación inicial que poñemos en funcionamento de forma prospectiva. Posteriormente poderemos ver a súa eficacia e así analizarémoslos erros. En caso de que existan serán corrixidos para lograr unha mellora tanto da programación como, en último termo, do proceso de ensino-aprendizaxe.

A programación didáctica, con carácter xeral, revisarase anualmente.

Indicaranse os contidos que se tiveron que engadir ou eliminar con respecto ó previsto e adoptaranse as medidas

como resultado desta revisión. Hai que reseñar o carácter cíclico e inesgotable da programación, para lograr unha mellora continua da mesma.

9. Outros apartados

1. Plan lector

Puntuarase cun máximo de ata 1 punto extra na avaliación final de xuño, a lectura de forma voluntaria de a lo menos un libro de temática económica por trimestre ao longo do curso. Esta avaliación farase mediante un exame realizado de forma oral.

Libros recomendados:

- "Finanzas para frikis" de Jordi Martínez
- "Mi primer libro de educación financiera: Como ahorrar y hacer que mi dinero crezca", Floren Verdú
- "Mi primer libro de educación financiera 2: Como ahorrar y hacer que mi dinero crezca". Floren Verdú